

Resolución da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro pola que se convocan exames ordinarios teórico-prácticos de carácter libre para as titulacións de mariñeiro/a pescador/a, patrón/patroa local de pesca e patrón/patroa costeiro/a polivalente na Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025 (código do procedemento PE607C)

De conformidade co indicado no apartado 4 do artigo 17 da Orde do 31 de xullo de 2014, pola que se establecen as bases e se regula o procedemento para obtención das titulacións de mariñeiro/a pescador/a patrón/patroa local de pesca e patrón/patroa costeiro/a polivalente na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 156, do 19/08/2014), a dirección xeral con competencias en materia de ensino náutico e marítimo-pesqueiro poderá convocar anualmente, nos seus centros de ensino, un exame ordinario teórico-práctico de carácter libre para as titulacións recollidas nesta orde.

Esta dirección xeral no uso das facultades que lle confire o Decreto 210/2022, de 1 de decembro, pola que se modifica o Decreto 50/2021, do 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar (DOG núm. 101, do 27/05/2024) e a disposición derradeira primeira da antedita Orde de 31 de xullo de 2014, resolve convocar os exames ordinarios teórico-prácticos de carácter libre para as titulacións de mariñeiro/a pescador/a, patrón/patroa local de pesca e patrón/patroa costeiro/a polivalente na Comunidade Autónoma de Galicia.

Primeiro.- Obxecto.

O obxecto desta resolución é convocar e fixar as datas e os lugares de realización dos exames ordinarios teórico-prácticos de carácter libre para obter as titulacións de mariñeiro/a pescador/a, patrón/patroa local de pesca e patrón/patroa costeiro/a polivalente na Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025

Segundo.- Normais xerais.

Os exames ordinarios teórico-prácticos, os contidos formativos, as condicións de acceso e a documentación necesaria para a matrícula será a establecida pola Orde de 31 de xullo de 2014 e a súa corrección de erros (DOG núm. 156, do 19/08/2014 e DOG núm. 161, do 26/08/2014).

Os exames ordinarios teórico-prácticos realizaranos os tribunais que se constitúan de conformidade co establecido no artigo 18 da citada orde.

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cm.dxdesevolvemento@xunta.gal



Terceiro.- Solicitud, documentación complementaria necesaria e procedemento de matrícula para presentarse aos exames ordinarios teórico-prácticos.

As persoas candidatas solicitarán a correspondente matrícula segundo o indicado no artigo 7 da Orde do 31 de xullo de 2014. Terán que cumprimentar a solicitude que figura como anexo II da citada orde (procedemento PE607C). O modelo de solicitude estará tamén dispoñible na Guía de Procedementos e Servizos no seguinte enderezo <https://sede.xunta.gal/guia-de-procedementos-e-servizos>

Ademais terán que cumprir as condicións de acceso establecidas no artigo 4 da citada orde para as distintas titulacións.

As persoas interesadas deben achegar a seguinte documentación para poder presentarse aos exames ordinarios teórico-prácticos:

- Solicitud dirixida ao centro de ensino pesqueiro onde vaia a realizar o exame (procedemento PE607C)
- Certificado de ter superado o nivel 1 de ensinanzas básicas iniciais ou equivalente, ou certificado de ter superado un curso de alfabetización en calquera das linguas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido por unha entidade pública ou privada, ou declaración responsable de ter coñecementos básicos de lecto-escritura en calquera das linguas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia marcando o recadro correspondente no procedemento PE607C, no caso de mariñeiro/a pescador/a.
- Declaración responsable de posuír aptitude física para realizar unha proba de natación previa á realización do exame de coñecementos teórico-prácticos, no caso de mariñeiro/a pescador/a.
- Copia do título de mariñeiro/a pescador/a, no caso de patrón/patroa local de pesca e patrón/patroa costeiro/a polivalente.
- Certificado de ter superado o nivel 1 de ensinanzas básicas iniciais ou equivalente ou copia da tarxeta profesional de patrón/patroa local de pesca, no caso de patrón/patroa costeiro/a polivalente.
- Xustificante do aboamento da taxa que outorga o dereito ao exame, que estea vixente no momento de presentala, segundo o establecido na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia (BOE núm. 12, do 14/01/2004). A taxa a pagar é de 19,37 € e poderase facer presencial ou electronicamente dentro

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cm.dxdeseenvolvemento@xunta.gal





do prazo establecido para a matrícula. O código da taxa é o seguinte:
30.19.00

Se desexa tramitar a taxa do exame por vía telemática deberá introducir os datos desta e efectuar o seu pago. Para isto dispón das modalidades de pago telemático (cargo en conta ou tarxeta) e pago presencial (mediante un impreso para presentar na entidade bancaria). Unha vez realizado o ingreso obterá o xustificante correspondente.

Se desexa tramitar a taxa de xeito presencial poderá obter un modelo en branco para cubrir ou ben tramitar os datos da taxa e a aplicación lle proporcionará o modelo xa cuberto.

O enderezo web é o seguinte: https://ovt.atriga.gal/#!/detalle_servizo/?Pago+de+taxas+e+prezos/11609730/4126995/11609860/l/item-dark-blue

A documentación presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e Chave365, <https://sede.xunta.gal/chave365>

Opcionalmente, poderán presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Tamén poderán facelo nos centros oficiais de ensino pesqueiro dependentes da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro onde se examinen as persoas interesadas.

De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, non será necesario achegar os documentos que xa foran presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán recabados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puideran obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cm.dxdesevolvemento@xunta.gal



Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

Serán causas de exclusión a demostración da falsidade documental, a non correspondencia cos orixinais e a incorrección na documentación presentada.

Unha vez finalizado o prazo de matrícula para presentarse ós exames ordinarios teórico-prácticos de carácter libre para as titulacións obxecto desta resolución, e que aparece indicado no anexo I, farase pública a listaxe provisional das persoas admitidas e excluídas no portal web de formación da Consellería do Mar <http://mar.xunta.gal/gl/formacion/informacion-do-alumnado> e nos taboleiros de anuncios de cada centro oficial de ensino pesqueiro, dando un prazo de 10 días hábiles para que as persoas excluídas poidan emendar as deficiencias, de acordo co disposto no artigo 68.1 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común e das administracións públicas.

As persoas que non realicen as emendas no prazo indicado no apartado anterior implicará a perda da taxa e o dereito a realizar o exame. O feito de figurar na relación da listaxe provisional non prexulga que se lle recoñeza á persoa interesada a posesión dos requisitos esixidos neste procedemento.

As listaxes definitivas das persoas admitidas e excluídas publicaranse no portal web de formación da Consellería do Mar e nos taboleiros de anuncios de cada centro oficial de ensino pesqueiro.

Cuarto.- Comprobación de datos.

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas Administracións Públicas, agás que a persoa interesada se opoña a consulta:

- DNI ou NIE da persoa solicitante
- DNI ou NIE da persoa representante

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdeseenvolvimento@xunta.gal



- Título profesional de mariñeiro/a pescador/a cando sexa expedido pola Comunidade Autónoma de Galicia.
- Título profesional de patrón/patroa local de pesca cando sexa expedido pola Comunidade Autónoma de Galicia.

No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Cando así o esixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Quinto.- Notificacións para actos de trámite individualizados que poidan xurdir no procedemento.

As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse preferentemente por medios electrónicos. As persoas interesadas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos mediante os modelos normalizados dispoñibles.

A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel) no formulario. No caso de optar pola notificación en papel, practicarase a notificación segundo o establecido na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do sistema de notificacións electrónicas de Galicia, Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, e entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cm.dxdeseenvolvemento@xunta.gal



Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Sexto.- Datas e lugares de exame.

As datas dos exames ordinarios teórico-prácticos de carácter libre das diferentes titulacións profesionais, así como os lugares onde se realizarán aparecen indicados no anexo I desta resolución.

As persoas que non se presenten aos exames non terán dereito a cambios de matrícula nin a devolución das taxas.

É necesario ter un mínimo de 10 persoas matriculadas nas diferentes titulacións que aparecen indicadas no anexo I desta resolución para que o exame poda realizarse nun determinado centro de ensino. No caso de non acadarse este mínimo requirido non se poderá facer o exame en dito centro. Neste caso, as persoas matriculadas deberán realizar o exame no lugar indicado pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar.

Esta dirección xeral tamén poderá modificar os lugares de realización dos exames por causas motivadamente xustificadas.

As horas dos exames, así como os criterios de organización e avaliación destes, serán anunciados no portal web de formación da Consellería do Mar e no taboleiro de anuncios de cada centro de ensino.

Sétimo.- Desenvolvemento das probas.

Rematados os exames, o/a secretario/a do tribunal publicará no portal web de formación da Consellería do Mar e nos taboleiros de anuncios dos centros de ensino correspondentes unha copia dos exames e a folla coas respostas correctas, cando sexan tipo test, co fin de que as persoas interesadas poidan comprobar o resultado do seu exame.

Unha vez corrixidos os exames ordinarios teórico-prácticos, o tribunal fará públicas no portal web de formación da Consellería do Mar e no taboleiro de anuncios do centro de ensino as listaxes provisionais das cualificacións.

As persoas interesadas disporán dun prazo de 10 días hábiles, dende a publicación no portal web de formación da Consellería do Mar, para formular reclamacións ante o tribunal sobre as cualificacións provisionais.

Unha vez resoltas as reclamacións presentadas, o/a presidente/a do tribunal ditará unha resolución coas listaxes das persoas que superaron as probas. Estas

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cm.dxdesevolvimento@xunta.gal



resolucións serán publicadas no taboleiro de anuncios do centro de ensino e no portal web de formación.

Oitavo.- Requisitos para obtención do título.

Para obter os títulos profesionais correspondentes, ademais de superar estas probas, as persoas interesadas deberán reunir os requisitos establecidos no Real decreto 36/2014, do 24 de xaneiro, polo que se regulan os títulos profesionais do sector pesqueiro (BOE núm. 41, do 17/02/2014).

Noveno.- Temarios dos exames e criterios de corrección.

Os temarios oficiais dos exames son os recollidos na Orde do 31 de xullo de 2014, pola que se establecen as bases e se regula o procedemento para obtención das titulacións de mariñeiro/a pescador/a, patrón/patroa local de pesca e patrón/patroa costeiro/a polivalente na Comunidade Autónoma de Galicia e na súa corrección de erros (DOG núm. 156, do 19/08/2014 e DOG núm. 161, do 26/08/2014).

Os criterios de corrección dos exames de cada titulación están establecidos nos anexos III, IV e V da Orde do 31 de xullo de 2014 e na súa corrección de erros.

Décimo.- Recursos.

Contra as resolucións do/a presidente/a do tribunal as persoas interesadas poderán interpor recurso de alzada perante a persoa titular da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao da publicación da listaxe das notas definitivas no portal web de formación da Consellería do Mar.

Contra a resolución desta convocatoria as persoas interesadas poderán interpor recurso de alzada perante o conselleiro do Mar, no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao da súa publicación no portal web de formación da Consellería do Mar.

Disposición adicional. Información básica sobre protección de datos persoais

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia - Consellería do Mar, coas finalidades de tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cm.dxdesevolvemento@xunta.gal



cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos, segundo á normativa recollida na páxina <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos> e na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os/as cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>

Contacto delegado de protección de datos e máis información en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>

Santiago de Compostela,
A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Marta Villaverde Acuña

Asinado dixitalmente

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdesevolvemento@xunta.gal



ANEXO I

Convocatoria dos exames ordinarios (teórico-prácticos) de carácter libre para as titulacións de mariñeiro/a pescador/a, patrón/patroa local de pesca e patrón/patroa costeiro/a polivalente do ano 2025

Matrícula: do 3 ao 31 de marzo de 2025, ambos inclusive

TITULACIÓNS	DATAS DOS EXAMES	LUGAR DOS EXAMES
Mariñeiro/a pescador/a	19 de maio de 2025	Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro do Atlántico de Vigo Avenida Beiramar 55, 36202 Vigo Teléfonos: 886 110 825 / 886 110 826 Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ferrol Rúa 19 de Febreiro 30-34, 15405 Ferrol Teléfonos: 881 938 212 / 881 938 213 Escola Oficial Náutico Pesqueira de Ribeira Rúa dos Estudantes 7, 15960 Ribeira Teléfonos: 881 866 317 / 881 866 324
Patrón/oa local de pesca sección máquinas	20 de maio de 2025	Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro do Atlántico de Vigo Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ferrol
Patrón/oa local de pesca sección ponte e comúns	21 de maio de 2025	Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ribeira
Patrón/oa costeiro polivalente sección máquinas	22 e 23 de maio de 2025	Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro do Atlántico de Vigo Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ferrol
Patrón/oa costeiro polivalente sección ponte	26 e 27 de maio de 2025	Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ribeira

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdeseenvolvimento@xunta.gal

